

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

*ORDE do 20 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para o fomento e consolidación do emprego a través do Programa I, para as pequenas empresas de nova creación, e do Programa II, de incentivos ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018.*

No marco establecido no artigo 40 da Constitución española; nos artigos 29 e 30 do Estatuto de autonomía de Galicia, e nos obxectivos de crecemento e emprego da Unión Europea, conforme a Estratexia Europea de Emprego, e de acordo coa Axenda 20 para o Emprego e co obxectivo de que a Comunidade Autónoma de Galicia acade uns maiores niveis de desenvolvemento económico, de calidade no emprego, de benestar social e de cohesión no territorio, é preciso adoptar políticas que promovan un modelo de desenvolvemento económico que favoreza a capacidade creativa e emprendedora da sociedade galega como fonte de riqueza e como elemento esencial para o crecemento, a competitividade e a modernización do tecido produtivo galego.

A Xunta de Galicia, no exercicio da competencia en materia de emprego atribuída en virtude do disposto nos artigos 29.1 e 30 do Estatuto de autonomía de Galicia, e logo da asunción de funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado no ámbito do traballo, o emprego e a formación, conforme os sucesivos reais decretos de transferencias, ven desenvolvendo un conxunto integral de medidas activas de emprego dirixidas á xeración de novos postos de traballo e ao fomento da iniciativa emprendedora.

A competencia en materia de políticas activas de emprego correspóndelle á Consellería de Economía, Emprego e Industria, segundo o disposto no Decreto 146/2016, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 175/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, no marco das políticas activas de emprego, xestiona os programas de apoio aos emprendedores e á economía social, xa que o autoemprego estase a amosar unha fórmula eficaz para a incorporación ou a reincorporación ao mercado de traballo das persoas desempregadas. O programa fomento e



consolidación do emprego nas pequenas empresas de nova creación que se regula na presente orde ten por finalidade apoiar as persoas emprendedoras que, constituíndo pequenas empresas, actúan como axentes dinamizadores da economía e do emprego en Galicia, especialmente aquelas empresas que se implantan nos territorios rurais e, pola súa vez, xeren emprego para as mulleres en desemprego, as persoas discapacitadas e as persoas en risco de exclusión social.

Esta orde tamén responde ao mandato do artigo 31 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, que establece que o departamento da Administración competente en materia de traballo poderá incluír, nas actuacións programadas en relación coa política de emprego destinadas a promover a inserción laboral efectiva das mulleres, accións e actuacións de discriminación positiva dirixidas á equiparación de ambos os sexos no emprego por conta propia, e que nas medidas dirixidas ao fomento de empresariado feminino se terán en conta de xeito preferente as mulleres emprendedoras con especiais dificultades de inserción laboral ou en situacións marcadas pola desvantaxe social.

A Comunidade Autónoma galega considera de importancia o retorno e a incorporación laboral da súa poboación no exterior, polo que nesta liña se pretende tamén chegar á poboación galega, laboralmente activa, que reside fóra de Galicia.

O programa de apoio ás iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT) pretende dinamizar a vocación emprendedora da comunidade universitaria e aproveitar o potencial empresarial das persoas dedicadas á investigación e das persoas con amplos coñecementos das novas tecnoloxías, así como impulsar a transformación do coñecemento creado nas universidades e nos centros de investigación en proxectos xeradores de riqueza e de emprego.

A estrutura normativa do programa das IEBT desenvólvese no Decreto 56/2007, do 15 de marzo (DOG núm. 65, do 2 de abril), polo que se establece un programa de apoio ás iniciativas de emprego de base tecnolóxica e se regulan os instrumentos e mecanismos de apoio e de avaliación técnica, así como os requisitos e condicións que deben reunir os proxectos e o procedemento para a súa cualificación e inscrición no rexistro de IEBT.

As bases dos programas regulados nesta orde establecen un procedemento de concesión que non ten a consideración de concorrencia competitiva, dado que, de acordo coa finalidade e obxecto deste réxime, non resulta necesario realizar a comparación e prelación



das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión das axudas se realiza pola comprobación da concorrencia na entidade solicitante dos requisitos establecidos ata o esgotamento do crédito orzamentario.

Esta orde tramítase de conformidade co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro; no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018; no que resulte de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; e nesta orde.

A presente orde tramítase ao abeiro do disposto no artigo 1.1 da Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expediente de gasto, na redacción dada pola Orde do 27 de novembro de 2000, modificada pola Orde do 25 de outubro de 2001, polo que queda a concesión das subvencións sometida á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución.

Así, o financiamento das axudas previstas no Programa I farase con cargo á aplicación orzamentaria 09.40.322C 470.5, código de proxecto 2016 00317, cun crédito de 2.284.300,00 euros, que figura no anteproxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018.

O Programa II está cofinanciado polo Fondo Social Europeo nunha porcentaxe do 80 % a través do programa operativo do FSE de Galicia 2014-2020, con cargo á aplicación orzamentaria 09.40.322C.472,1, código de proxecto 2015 00565, cun crédito de 500.000 euros.

Estas axudas son financiadas polo FSE ao 80 % no P.O. FSE Galicia 2014-2020, encadrándose nos obxectivos seguintes:

- Obxectivo temático 08: promover a sustentabilidade e a calidade no emprego e favorecer a mobilidade laboral.
- Prioridade de investimento 8.3: o traballo por conta propia, o espírito emprendedor e a creación de empresas, incluídas as microempresas e as pequenas e medianas empresas innovadoras.



– Obxectivo específico 8.3.1: aumentar as competencias emprendedoras e incrementar o número de empresas e iniciativas de traballo por conta propia sustentables creadas facilitando o seu financiamento mellorando a calidade e eficiencia dos servizos de apoio e consolidación.

Consecuentemente con todo o anterior, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, logo do informe da Asesoría Xurídica, da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, da Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos, da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Intervención Delegada, e no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

#### CAPÍTULO I

#### **Disposicións xerais**

##### Artigo 1. *Obxecto e finalidade*

Esta orde ten por obxecto fixar as bases reguladoras e convocar as subvencións establecidas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria para o ano 2018, coa finalidade de promover o emprego autónomo e a súa consolidación a través dos seguintes programas de axudas:

a) Programa I. Fomento e consolidación do emprego nas pequenas empresas de nova creación (TR807I).

b) Programa II. Programa de incentivos ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT) (TR340E).

##### Artigo 2. *Marco normativo*

1. As solicitudes, tramitación e concesión destas subvencións axustaranse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro; no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 19 de outubro de 2017; no que resulte de aplicación a Lei 38/2003,



do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; no Regulamento UE 1407/2013 da Comisión Europea, relativo ás axudas *de minimis*, e nesta orde.

2. No caso do Programa II, de incentivos ás empresas cualificadas como IEBTS, por tratarse de subvencións cofinanciadas polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, serán de aplicación: o Regulamento (UE) 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Social Europeo (DOUE L 347, do 20 de decembro de 2013) e o Regulamento (UE) nº 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello, así como na Orde ESS/1924/2016, do 13 de decembro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo Fondo Social Europeo durante o período de programación 2014-2020.

### Artigo 3. *Principios de xestión*

A xestión destes programas realizarase de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.
- c) Eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

### Artigo 4. *Orzamentos*

1. A concesión das subvencións previstas nesta orde estará suxeita á existencia de crédito orzamentario e realizarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

- Programa I. Aplicación orzamentaria 09.40. 322C 470.5, código de proxecto 2016 00317, cun crédito de 2.284.300 euros.
- Programa II. Aplicación orzamentaria 09.40. 322C 472.1, código de proxecto 2015 00565, cun crédito de 500.000 euros.



Estas contías están recollidas no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 19 de outubro de 2017, e a súa concesión queda sometida á condición suspensiva de existencia de crédito para o ano 2018 adecuado e suficiente no momento da resolución.

2. De ser o caso, e de acordo co disposto no artigo 31.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, publicarase mediante resolución da persoa titular da Secretaría Xeral de Emprego o esgotamento das partidas orzamentarias asignadas.

3. Os ditos créditos poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento do emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais.

4. Poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito, da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

No caso do Programa II, será necesario o informe favorable da Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos.

5. Se o orzamento asignado non é suficiente para proceder ao pagamento de todas as axudas solicitadas, aplicarase como criterio de prioridade a data de presentación. Para estes efectos, terase en conta a data en que a correspondente solicitude se presentase de acordo co previsto nos artigos 27 e 41 desta orde. No caso de coincidencia na data de presentación entre dúas ou máis solicitudes presentadas, a orde de prioridade virá determinada pola hora.

#### Artigo 5. *Definicións*

Para os efectos deste programa entenderase por:

a) Persoa desempregada: aquela que figure inscrita como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego e que, pola súa vez, careza de ocupación segundo o informe da vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social e, se é o caso, segundo certifi-



cado da mutualidade do colexio profesional na data de alta no correspondente réxime da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional.

A comprobación da inscrición no Servizo Público de Emprego como demandante de emprego, na data da alta na Seguridade Social ou na mutualidade de colexio profesional, realizaraa directamente o órgano xestor das axudas.

A comprobación de carecer de ocupación, segundo o informe da vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, na data da súa alta na Seguridade Social das persoas que se incorporan á empresa para ocupar os empregos estables creados tidos en conta para o cálculo da subvención realizaraa directamente o órgano xestor das axudas.

b) Empregos subvencionables: os postos de traballo creados con carácter estable e que sexan ocupados por persoas desempregadas, incluídos os das persoas promotoras, sempre que non prestasen servizos na mesma empresa en virtude dun contrato de carácter temporal.

c) Persoas promotoras socias: aquelas que figuren como tales na escritura de constitución.

d) Empresas de nova creación: para os efectos do Programa I terán a consideración de empresas de nova creación aquelas que inicien a actividade empresarial desde a data do 1 de agosto de 2017.

e) Constitución da empresa: para os efectos do Programa II entenderase que unha empresa está constituída desde o momento da súa inscrición no correspondente rexistro mercantil ou, se é o caso, no Rexistro de cooperativas. No caso de empresaria ou empresario individual, cando cause alta no censo de obrigados tributarios do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

f) Inicio de actividade empresarial: entenderase que unha empresa inicia á súa actividade produtiva desde a data de alta no imposto de actividades económicas ou, de ser o caso, a data de alta no censo de obrigados tributarios do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

g) Persoa con discapacidade: aquela que, de conformidade co establecido no artigo 4.1 e 2 do Real decreto lexislativo 1 /2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social





(BOE núm. 289, do 3 de decembro), presenta deficiencias físicas, mentais, intelectuais e sensoriais, previsiblemente permanentes que, ao interactuar con diversas barreiras, podan impedir a súa participación plena e efectiva na sociedade, en igualdade de condicións cos demais. Ademais, e para todos os efectos, ten a condición de persoa con discapacidade aquela a quen se lle recoñecese un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %. Considerarase que presentan una discapacidade igual ou superior ao 33 % as persoas pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou grande invalidez e as persoas pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión por xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

A comprobación da condición de persoa con discapacidade realizaraa directamente o órgano xestor das axudas agás que o interesado se opoña á súa consulta; neste caso ou cando fose recoñecida por outra Administración distinta da propia da Comunidade Autónoma de Galicia deberá presentar a documentación acreditativa da discapacidade.

h) Concello rural: aquel que non conta con ningunha zona densamente poboada a nivel de parroquia (ZDP) segundo a clasificación publicada polo Instituto Galego de Estatística [https://www.ige.eu/web/mostrar\\_paxina.jsp?paxina=003003001&idioma=gl](https://www.ige.eu/web/mostrar_paxina.jsp?paxina=003003001&idioma=gl)). Para estes efectos, considéranse concellos rurais todos os concellos galegos agás os seguintes: Cambre, A Coruña, Culleredo, Ferrol, Narón, Oleiros, Santiago de Compostela, Lugo, Barbadás, Ourense, Poio, Pontevedra e Vigo.

i) Persoas en situación ou risco de exclusión social: as persoas perceptoras da renda de inclusión social de Galicia ou membros da súa unidade de convivencia ou as persoas que teñan o certificado emitido polos servizos sociais acreditativo da dita situación social, por concorrer algún dos factores de exclusión social recollidos no artigo 3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.

j) Persoa desempregada de longa duración: aquela que na data da súa alta no correspondente réxime da Seguridade Social está sen traballo e acredite un período de inscrición como desempregada no Servizo Público de Emprego de, polo menos, doce meses durante os dezoito meses anteriores á súa contratación ou alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos.

k) Emigrante retornado: de acordo co establecido nos artigos 53 e 54 da Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude, terán a condición de galego retornado as persoas galegas e nadas en Galicia que, residindo fóra de España, retornen á Comunidade Autónoma galega.





Para os efectos previstos nesa lei, asimílanse a persoas galegas retornadas os cónxuxes ou persoas con unión análoga á conxugal e os/as fillos/as das persoas galegas e nadas en Galicia con residencia no estranxeiro que, residindo fóra de España, se establezan na Comunidade Autónoma de Galicia.

Os requisitos, con carácter xeral, para adquirir a condición de galego/a retornado/a son os seguintes:

- a) Ser galego/a e nacido/a en Galicia.
- b) Acreditar ou ter relación filial, conxugal ou análoga á conxugal.
- c) Estar en posesión da nacionalidade española e estar vinculado/a un concello galego no padrón de residentes no exterior antes do retorno.
- d) Estar empadroad/a nun municipio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para adquirir esta condición de emigrante retornado non deben transcorrer máis de dous anos entre a data do seu retorno a España e a data de presentación da solicitude de axuda ao abeiro desta orde.

#### Artigo 6. *Réxime de axudas*

As axudas establecidas nesta orde quedan sometidas ao réxime *de minimis* nos termos establecidos no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE L352, do 24 de decembro de 2013). Esta circunstancia farase constar expresamente na resolución de concesión da subvención. Polo tanto, a axuda total *de minimis* concedida a unha empresa non será superior a 200.000 euros durante o período dos dous exercicios fiscais anteriores e o exercicio fiscal actual da empresa solicitante, ou a 100.000 euros no suposto dunha axuda concedida a unha empresa que opere no sector do transporte pola estrada. Para o cómputo dos límites deste réxime de axudas terase en conta o concepto de «única empresa» establecido no artigo 2 do Regulamento (UE) 1487/2013, da Comisión, do 18 de decembro.

Por tratarse de axudas sometidas ao réxime de axudas *de minimis*, non poderá concederse a empresas dos seguintes sectores:

- a) Pesca e acuicultura, segundo se establece no Regulamento (CE) nº 1379/2013 do Parlamento Europeo.



b) As axudas concedidas ás empresas dedicadas á produción primaria dos produtos agrícolas que figuran na lista do anexo I do Tratado.

c) As axudas concedidas ás empresas que operan no sector da transformación e comercialización de produtos agrícolas, nos casos seguintes:

i) cando o importe da axuda se determine en función do prezo ou da cantidade de produtos deste tipo adquiridos a produtores primarios ou comercializados polas empresas interesadas.

ii) cando a axuda estea supeditada a que unha parte ou a totalidade desta se repercuta aos produtores primarios.

d) As axudas ás actividades relacionadas coa exportación a países terceiros ou estados membros cando a axuda estea vinculada directamente ás cantidades exportadas, á creación e funcionamento dunha rede de distribución ou a outros gastos de explotación vinculados á actividade de exportación.

e) As axudas condicionadas á utilización de produtos nacionais en lugar de importados.

## CAPÍTULO II Normas comúns

### Artigo 7. *Solicitudes*

1. As solicitudes de subvención deberán presentarse por separado para cada un dos programas desta orde nos modelos de solicitude que figuran como anexos, xunto coa documentación e no prazo establecido para cada tipo de programa.

2. En canto ás persoas físicas, de acordo co disposto no artigo 31 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, de acompañamento dos orzamentos para o ano 2017, a xustificación da concorrencia das circunstancias indicadas no devandito artigo para establecer a obriga de relacionarse electronicamente coa Administración na presentación das persoas físicas vén motivada polo feito de que as persoas beneficiarias á que vai dirixida esta orde de subvencións son autónomas que exercen unha actividade económica e dispoñen de ferramentas informáticas cun coñecemento básico do seu funcionamento, en calquera actividade comercial que realicen.



3. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiríraselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

#### Artigo 8. *Emenda das solicitudes*

A sede electrónica remitirá as solicitudes recibidas á unidade administrativa encargada da instrución do expediente para que comprobe se a solicitude ou documentación presentada reúne os requisitos exixidos nesta orde e, no suposto de que se observe algún defecto ou sexa incompleta a documentación, de conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, requirirán a persoa interesada para que, nun prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixer, se considerará a persoa ou entidade interesada desistida da súa petición, logo da resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da antedita lei.

#### Artigo 9. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación dos procedementos previstos nesta orde deberán ser realizados electronicamente accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

#### Artigo 10. *Transparencia e bo goberno*

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a consellería responsable da iniciativa publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideren impoñerse nos correspondentes



registros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

3. No suposto de que a subvención estea cofinanciada polo Fondo Social Europeo, na resolución de concesión será informada a persoa ou entidade beneficiaria de que a aceptación da subvención comunitaria implicará a súa aparición na lista pública cos nomes dos ou das beneficiarias, así como a outra información recollida no anexo XII en relación co artigo 115.2 do Regulamento (UE) 1303/2013.

4. No suposto de que a subvención estea cofinanciada polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020 autorízase ao organismo intermedio do PO FSE Galicia 2014-2020 para consultar a información da Administración pública competente relativa ao cumprimento do mantemento do emprego.

5. As persoas interesadas teñen dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando conorra algunha das causas previstas na letra d) do número 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 11. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Relacións administrativas coa cidadanía e entidades», cuxo obxecto é xestionar os presentes procedementos, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, como responsable do ficheiro, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, A Coruña, ou no seguinte enderezo electrónico: [lopd.industria@xunta.gal](mailto:lopd.industria@xunta.gal).

Así mesmo, en relación ao Programa II, os datos referidos no parágrafo anterior tamén serán incluídos no ficheiro denominado «Xestión, seguimento e control de proxectos e fondos



«europeos», cuxo obxecto, entre outras finalidades, é a xestión, seguimento, control, coordinación e estudo da execución e avaliación dos programas operativos dos fondos procedentes da Unión Europea. O órgano responsable deste ficheiro é a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos, mediante unha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo San Caetano, San Caetano, s/n, 15781 de Santiago de Compostela (A Coruña), ou a través dun correo electrónico a [dx.politica.financeira.tesouro.fondos.europeos.facenda@xunta.gal](mailto:dx.politica.financeira.tesouro.fondos.europeos.facenda@xunta.gal).

### Artigo 12. *Instrución do procedemento*

1. O órgano instrutor dos expedientes para o Programa I será o Servizo de Emprego Autónomo da Secretaría Xeral de Emprego da Consellería de Economía, Emprego e Industria, que realizará as actuacións necesarias para determinar o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.

2. O órgano instrutor dos expedientes para o Programas II será o Servizo de Emprego por Conta Allea da Secretaría Xeral de Emprego da Consellería de Economía, Emprego e Industria, que realizará as actuacións necesarias para determinar o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.

3. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións, mediante un correo electrónico dirixido á conta de correo que conste na solicitude para efectos de notificación. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

5. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.



6. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### Artigo 13. *Procedemento de concesión e tramitación*

1. O procedemento de concesión das solicitudes presentadas ao abeiro desta orde axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento.

2. Entenderase que a empresa desiste da súa solicitude cando a persoa traballadora pola que se solicita subvención cause baixa na empresa solicitante en data anterior á resolución da concesión da axuda. A empresa solicitante está obrigada a comunicar esta situación ao órgano ante o que solicitou a axuda.

#### Artigo 14. *Resolución e recursos*

1. A competencia para resolver as solicitudes corresponderalle, por delegación da persoa titular da Consellería de Economía, Emprego e Industria, á persoa titular da Secretaría Xeral de Emprego.

2. O prazo para resolver e notificar é de tres meses, que se computarán desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o devandito prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Unha vez notificada a resolución definitiva, as persoas ou entidades beneficiarias disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación; transcorrido este sen que se produciise manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada, segundo o artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

4. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a reso-



lución impugnada. Todo o anterior de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

5. Por estar a axuda cofinanciada polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, na resolución de concesión das subvencións concedidas ao abeiro do Programa II, será informada a persoa beneficiaria de que a aceptación da axuda comunitaria implicará a súa aparición na lista pública de operacións cos nomes dos ou das beneficiarias, no suposto de ser entidades xurídicas, así como a outra información contemplada no anexo XII do Regulamento (UE) 1303/2013 en relación co artigo 115.2.

6. Na notificación da resolución das subvencións concedidas ao abeiro do Programa II comunicarase ao beneficiario o financiamento con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020 con concreción do eixe, obxectivo temático, prioridade de investimento, obxectivo específico e porcentaxe de cofinanciación de que se trate. A resolución de outorgamento da subvención comprenderá a identificación do beneficiario, contía da subvención e obrigas que correspondan ao beneficiario, os requisitos específicos relativos aos produtos ou servizos que deban obterse con ela, o plan financeiro e o calendario de execución, así como os demais requisitos previstos na normativa comunitaria para a selección de operación que debe conter o documento polo que se establecen as condicións de axuda (DECA).

#### Artigo 15. *Modificación da resolución de concesión*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión seguindo o principio de proporcionalidade a que se refire o artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

#### Artigo 16. *Obrigas das persoas e entidades beneficiarias*

1. Sen perxuízo das obrigas establecidas con carácter específico para cada programa de axuda, son obrigas das persoas e entidades beneficiarias das subvencións as sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, en especial as seguintes:

a) Estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún con-





cepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.

b) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polas beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

c) Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á beneficiaria en cada caso, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

d) Adoptar as medidas adecuadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

e) Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Economía, Emprego e Industria, ás verificacións que poidan realizar os organismos implicados na xestión ou seguimento do programa operativo FSE Galicia 2014-2020, que incorporarán as correspondentes visitas sobre o terreo, ás de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

f) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos casos previstos nesta orde.

g) Aqueloutras obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 17. *Seguimento e control*

1. Sen prexuízo das facultades que teñen atribuídas outros órganos da Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma, a Consellería de Economía, Emprego e Industria levará a cabo funcións de control, así como de avaliación e seguimento dos programas.



2. A Secretaría Xeral de Emprego poderá comprobar en todo momento a aplicación das subvencións concedidas aos fins programados, tanto no relativo aos contratos realizados como durante o plan formativo na empresa. Para estes efectos, as persoas beneficiarias deberán cumprir as obrigas que se establezan nesta orde e nas resolucións de concesión.

3. Para realizar estas funcións poderanse utilizar cantos medios propios como alleos estean á disposición da Consellería de Economía, Emprego e Industria para comprobar o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación.

#### Artigo 18. *Devolución voluntaria da subvención*

De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as entidades beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida mediante o seu ingreso na conta de ABANCA ES82 2080 0300 8731 1006 3172, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

En todo caso, a entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, en que conste a data do ingreso, o seu importe e o número do expediente e denominación da subvención concedida.

### CAPÍTULO III

#### **Programa I. Fomento e consolidación do emprego nas pequenas empresas de nova creación**

#### Artigo 19. *Obxecto e finalidade*

1. Este programa ten por obxecto fixar as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2018 do Programa de fomento e consolidación do emprego nas pequenas empresas de nova creación, e proceder á súa convocatoria para o ano 2018.

2. A finalidade deste programa é xerar emprego estable para persoas desempregadas, principalmente entre as mulleres, as persoas con discapacidade e en risco de exclusión social, apoiando e dinamizando o desenvolvemento de novas iniciativas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia, con especial atención aos concellos do rural galego.



**Artigo 20. Entidades beneficiarias**

1. Poderán ser beneficiarias das axudas reguladas neste programa as empresas privadas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, agás as persoas físicas, comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas e sociedades laborais, sempre que cumpran as condicións e os requisitos establecidos nesta orde para cada tipo de axuda e nas cales concorran, na data do seu inicio de actividade, as seguintes circunstancias:

a) Que sexan empresas de nova creación.

b) Que sexan viables técnica, económica e financeiramente.

c) Que xeren emprego estable para persoas desempregadas.

d) Que teñan o seu domicilio social, fiscal e o seu centro de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia.

e) Que sexan promovidas, como máximo, por cinco persoas e que entre os socios ou as socias promotoras non figure ningunha persoa xurídica.

f) Que a empresa teña un capital social máximo de 120.202 euros.

g) Que, como mínimo, o 50 % do seu capital social sexa de titularidade dos promotores e promotoras que sexan persoas desempregadas que creen o seu propio posto de traballo na empresa.

2. Ademais, tamén poderán ser beneficiarias das axudas previstas nesta orde as empresas privadas que obtivesen a cualificación como iniciativa local de emprego (ILE).

Estas empresas, cualificadas previamente como ILE, calquera que sexa a súa forma xurídica, incluídos autónomos ou autónomas e as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, deben estar constituídas e ter iniciado a súa actividade no prazo máximo dun ano desde a notificación da resolución de cualificación ou, de ser o caso, no prazo que se estableza na resolución de cualificación, sempre que cumpran as condicións e os requisitos establecidos nesta orde para cada tipo de axuda.

A actividade desenvolta pola empresa debe coincidir coa do proxecto previamente cualificado como iniciativa local de emprego.



No caso de sociedades civís e comunidades de bens, deberán facerse constar expresamente, tanto na solicitude coma na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai aplicar para cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiario. En calquera caso, deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, lle correspondan á agrupación.

3. Poderán ser beneficiarias as persoas promotoras para a axuda para a conciliación da vida persoal, laboral e familiar das persoas promotoras.

#### Artigo 21. *Tipos de axuda*

O programa de fomento e consolidación do emprego nas pequenas empresas de nova creación inclúe os seguintes tipos de axudas:

- a) Subvención á xeración de emprego estable.
- b) Subvención para formación.
- c) Subvención para o inicio da actividade.
- d) Subvención para a conciliación da vida persoal, laboral e familiar das persoas promotoras.

#### Artigo 22. *Subvención á xeración de emprego estable*

1. A creación de postos de traballo estables de carácter indefinido, incluídos os das propias persoas promotoras, que sexan ocupados por persoas desempregadas incentivaranse, ata un máximo de dez, cada un deles coa contía de 2.000 euros como desempregado en xeral.

2. Cada posto de traballo estable incentivarase con 4.000 € para o caso de persoas desempregadas que se atopen nalgún dos seguintes colectivos, que non serán acumulables:

- Persoas desempregadas de longa duración.
- Persoas desempregadas con discapacidade.
- Persoas desempregadas que se atopen en situación ou risco de exclusión social.



3. Estas contías base incrementarase nun 25 % nos seguintes casos:

a) Se a persoa incorporada é unha muller.

b) No caso de que o centro de traballo (ou domicilio fiscal, no caso de carecer deste) da persoa autónoma estea situado nun concello rural.

c) Persoas maiores de 45 anos.

d) Se a persoa incorporada ten a condición de emigrante retornada.

Estes incrementos son acumulables e deste xeito a contía máxima posible, de aplicarse todos os incrementos, sería de 8.000 €.

4. Cando a dedicación sexa a tempo parcial, as contías destes incentivos serán proporcionais ao tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, na súa falta, na xornada ordinaria legal.

5. No suposto de ter dereito a un ou varios incrementos aplicarase a subvención aos indicados na solicitude, salvo que da documentación achegada coa solicitude quede acreditada a aplicación dalgún incremento superior.

6. Cando se trate de contratacións indefinidas de persoas traballadoras por conta allea, esta axuda, de ser o caso, será compatible coas bonificacións á Seguridade Social previstas na normativa estatal, sen que ambos os dous beneficios poidan superar o 70 % do custo salarial de dúas anualidades correspondente ao contrato obxecto de subvención. Este límite será ampliable ata o 80 % cando a persoa traballadora contratada pertenza a un dos seguintes colectivos: persoas desempregadas de longa duración, persoas desempregadas con discapacidade e persoas desempregadas que se atopen en situación ou risco de exclusión social.

7. Poderán ser obxecto desta subvención os postos de traballo estables de carácter indefinido creados desde o 1 de agosto de 2017 e ata o 31 de xullo de 2018.

#### Artigo 23. *Subvención para a formación*

1. A subvención para a formación ten por obxecto financiar parcialmente a formación relacionada coas funcións xerenciais da persoa promotora ou empresaria e/ou a formación



directamente relacionada coa actividade que van desenvolver, de xeito que estes estudos contribúan á boa marcha da empresa.

2. Subvencionaranse os cursos e as actividades formativas que a persoa promotora realice para obter e mellorar os seus coñecementos sobre a función xerencial e as actividades formativas directamente relacionadas coa actividade económica en que estea de alta a empresa. Esta formación poderá ser impartida por entidades públicas ou privadas e deberá estar finalizada dentro do período subvencionable.

3. O gasto orixinado deberase producir no período subvencionable e deberá ser efectivamente xustificado, mediante certificado de asistencia e as facturas e documentos bancarios acreditativos do seu pagamento, con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido na resolución de concesión ou, en todo o caso, ata o 20 de decembro de 2018.

A contía da subvención, que só se poderá solicitar unha vez, será de ata o 75 % do custo dos servizos recibidos, excluído o IVE, cun límite máximo de 3.000 euros polo conxunto dos cursos e actividades de formación recibidas.

#### Artigo 24. *Subvención para o inicio da actividade*

1. Poderase conceder para o financiamento dos primeiros gastos da actividade unha subvención de ata 2.000 euros por cada emprego subvencionable, ata un máximo de dez, por persoa desempregada en xeral.

2. A contía do incentivo será de 4.000 € por cada emprego subvencionable cando a persoa desempregada se atope nalgún dos seguintes colectivos, que non serán acumulables:

- Persoas desempregadas de longa duración.
- Persoas desempregadas con discapacidade.
- Persoas desempregadas que se atopen en situación ou risco de exclusión social.

3. Estas contías base incrementaranse nun 25 % nos seguintes casos:

- a) Se a persoa incorporada é unha muller.



b) No caso de que o centro de traballo (ou domicilio fiscal, no caso de carecer deste) da empresa estea situado nun concello rural.

c) Persoas maiores de 45 anos.

d) Se a persoa incorporada ten a condición de emigrante retornada.

Deste xeito, a contía máxima posible por posto de traballo, de aplicarse todos os incrementos, sería de 8.000 €.

4. No suposto de ter dereito a un ou varios incrementos aplicarase a subvención aos indicados na solicitude, salvo que da documentación achegada coa solicitude quede acreditada a aplicación dalgún incremento superior.

5. Esta axuda destinarase a sufragar os gastos nos seguintes conceptos: honorarios de notaría e rexistrador, compra de mercadorías e materias primas, arrendamento do local, de maquinaria e de equipamentos informáticos, gastos do seguro do local, publicidade, páxina web, posicionamento web e subministracións, excluído o imposto sobre o valor engadido ou, de ser o caso, os impostos indirectos equivalentes cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación. Estes gastos poderán ser subvencionados sempre que as facturas estean estendidas a nome da entidade solicitante, e non sexan emitidas por algún das persoas promotoras da empresa. Exclúense, así mesmo, os impostos e os gastos referidos aos domicilios particulares dalgunha das persoas promotoras.

6. A través desta axuda serán subvencionables os gastos realizados desde un mes antes ao inicio da actividade empresarial e durante o período subvencionable, efectivamente xustificadas, mediante facturas e documentos bancarios acreditativos do seu pagamento, con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido na resolución de concesión ou, en todo caso, ata o 20 de decembro de 2018.

7. No suposto de ter dereito a un ou varios incrementos, aplicarase a subvención aos indicados na solicitude, salvo que da documentación achegada coa solicitude quede acreditada a aplicación dalgún incremento superior.

**Artigo 25. Subvención para a conciliación da vida persoal, laboral e familiar das persoas promotoras**

1. Co obxecto de favorecer a conciliación da vida persoal, laboral e familiar das persoas emprendedoras concederase unha subvención do 75 % do custo dos servizos de gardaría,





ata un máximo de 3.000 euros, para aquelas persoas promotoras que teñan fillos ou fillas menores de tres anos.

2. Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas promotoras que creen o seu propio posto de traballo estable e polos que se obtivese a subvención establecida no artigo 22 desta orde, sexan titulares de familias monoparentais ou nas cales os dous cónxuxes realicen unha actividade laboral e estean dados de alta no correspondente réxime da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional.

3. Serán subvencionables os gastos da gardarfa correspondentes desde os tres meses anteriores ao inicio de actividade ata o fin do período subvencionable, e tendo como data límite máxima o mes de xullo de 2018 inclusive.

#### Artigo 26. *Competencia*

A competencia para coñecer e resolver as subvencións previstas neste programa, por delegación da persoa titular da Consellería de Economía, Emprego e Industria, corresponderalle á persoa titular da Secretaría Xeral de Emprego.

#### Artigo 27. *Solicitudes e prazo de presentación*

1. O prazo xeral para a presentación das solicitudes das axudas establecidas neste programa comezará o día seguinte ao da publicación da orde de convocatoria e finalizará o 31 de xullo de 2018.

2. Respecto das solicitudes de subvención á xeración de emprego estable polas actuacións realizadas antes da data de publicación desta orde deberán presentarse no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación desta. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día seguinte ao da publicación e se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

3. Para garantir que os cidadáns que carecen de medios para relacionarse telematicamente coa Administración, e de acordo co previsto no artigo 13.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poidan presentar no rexistro electrónico a solicitude referente a este procedemento, a persoa solicitante poderá contar, entre outros, coa asistencia efectiva da Rede de técnicos de emprego de Galicia da Consellería de Economía, Emprego e Industria.



**Artigo 28. Documentación**

1. As solicitudes, unha por cada tipo de axuda, deberanse presentar nos modelos normalizados que figuran como anexos numéricos desta orde, unha para cada axuda solicitada, e deberán ir acompañadas da documentación, común e específica, que se relaciona.

2. As solicitudes de axudas deberán ir acompañadas da seguinte documentación común para todas as axudas:

a) Se é o caso, poder suficiente da persoa representante e asinante da solicitude, para actuar en nome da entidade.

b) Escritura de constitución e inscrición no Rexistro Mercantil, de ser o caso.

c) Alta no censo de obrigados tributarios na Axencia Estatal de Administración Tributaria (modelo 036 ou 037).

d) Memoria económica e descritiva do proxecto empresarial, asinada pola persoa representante da empresa, que deberá conter os datos de identificación e descrición da actividade, o número de empregos creados e que estean previstos crear, os aspectos técnicos de produción e comercialización, o orzamento de investimento, o plan de financiamento que acredite a viabilidade da iniciativa empresarial, as medidas de seguridade e saúde laboral e de prevención de riscos e a adecuación en materia de protección do ambiente segundo a localización e a actividade empresarial (segundo modelo do anexo II).

e) Listaxe asinada, unha para cada axuda solicitada, coa relación dos investimentos e gastos, indicando o importe de cada un, a suma total, a referencia e a descrición das facturas en firme ou pro forma, orzamentos e demais documentos xustificativos do investimento realizado ou que se vai realizar e da axuda solicitada, segundo o modelo anexo III desta orde.

Esta listaxe non será necesario presentala coa solicitude de subvención á xeración de emprego estable.

f) Se é o caso, documentos que acrediten a pertenza aos colectivos polos que se solicita a subvención, certificación da concorrencia das circunstancias que determinen a pertenza aos colectivos en risco ou situación de exclusión social, ou certificado de discapacidade nos casos de recoñecemento fóra de Galicia ou que denegase a súa consulta no anexo I ou VI, segundo corresponda.



### 3. Documentación específica:

#### a) Subvención á xeración de emprego estable:

– Declaración do número de empregos estables de carácter indefinido ocupados por colectivos beneficiarios e relación nominal deles con indicación da data de incorporación efectiva, onde se fagan constar os custos salariais de dúas anualidades de cada persoa traballadora por conta allea pola que se solicita subvención, segundo modelo anexo IV desta orde.

– Documentos acreditativos da incorporación efectiva con carácter indefinido e altas no correspondente réxime da Seguridade Social ou, de ser o caso, en colexio profesional e mutualidade que corresponda.

– Documentos xustificativos do nacemento en Galicia da persoa solicitante e ademais, no caso de alegar algunha relación de parentesco coa persoa nacida en Galicia, documentación que acredite o vínculo con esta, no caso de solicitar o incremento de emigrante retornado.

– Certificado de emigrante retornado, expedido polas delegacións ou subdelegacións do Goberno, baixa consular ou calquera outra documentación que acredite fidedignamente a residencia no exterior e a data de retorno a España, no caso de solicitar o incremento de emigrante retornado.

#### b) Subvención para a formación:

– Memoria descritiva do curso/actividade de formación solicitada en que consten, entre outros, a xustificación da súa necesidade para o desenvolvemento da súa función xerencial ou a relación directa coa actividade económica en que estea de alta a empresa.

– Certificación da entidade formadora en que conste, entre outros, os seguintes aspectos:

1º. Nome do curso/actividade.

2º. Lugar e datas de celebración.

3º. Módulos a impartir e distribución temporal (número de horas).



4º. Prazo de inscrición.

5º. Número de prazas.

– Solicitud de inscrición ou matrícula no curso/actividade.

– No caso de estar realizando o curso, facturas e o seu correspondente xustificante bancario de pagamento; de non ser así, factura pro forma.

De conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 18.000 euros, prevista para o contrato menor no Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, no suposto de prestación de servizos, a persoa interesada deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

Esta contía pasará a ser de 15.000 € desde o 9 de marzo de 2018 segundo a Lei 9/2017, de contratos do sector público.

A elección entre as ofertas presentadas, que se deberán achegar coa solicitude da subvención, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberase xustificar expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica mais vantaxosa.

c) Subvención para o inicio de actividade:

– Facturas e, no caso de estar efectivamente pagadas, ou seu correspondente xustificante bancario de pagamento ou, na súa falta, facturas pro forma ou orzamentos expedidos polos provedores e acredores dos gastos necesarios para o inicio da actividade que se vaian ter en conta para o cálculo da contía da subvención.

– Declaración do número de empregos estables creados ou que se crearán ata o 31 de xullo de 2018 e relación nominal das persoas que os vaian ocupar, con indicación daquelas polas cales se solicita a subvención, segundo o modelo anexo IV.



– Documentos xustificativos do nacemento en Galicia da persoa solicitante e ademais, no caso de alegar algunha relación de parentesco coa persoa nacida en Galicia, documentación que acredite o vínculo con esta, no caso de solicitar o incremento de emigrante retornado.

– Certificado de emigrante retornado, expedido polas delegacións ou subdelegacións do Goberno, baixa consular ou calquera outra documentación que acredite fidedignamente a residencia no exterior e a data de retorno a España, no caso de solicitar o incremento de emigrante retornado.

d) Subvención para a conciliación da vida persoal, laboral e familiar das persoas promotoras.

– Libro de familia co nome das persoas titulares da familia e dos fillos e fillas menores de tres anos e nome, apelidos do cónxuxe. De ser o caso, documentos acreditativos do carácter monoparental da familia.

– Documento acreditativo do custo da mensualidade da gardarúa.

– Facturas e, no caso de estar efectivamente pagadas, o seu correspondente xustificante bancario de pagamento, das mensuralidades xa aboadas na data da solicitude.

4. Non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente sempre que a persoa interesada expresase o seu consentimento para que sexan consultados ou obtidos eses documentos. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirir á persoa interesada a súa presentación, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

5. A documentación complementaria deberá presentarse por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica.



Para estes efectos, considerárase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

6. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude, e o número de expediente, se se dispón del.

#### Artigo 29. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante ou representante.
- b) Vida laboral no réxime especial de traballadores autónomos.
- c) Informe de períodos de inscrición no Servizo Público de Emprego.
- d) Alta no imposto de actividades económicas.
- e) Certificación de estar ao día das súas obrigas coa Seguridade Social.
- f) Certificación de estar ao día das súas obrigas coa Axencia Tributaria de Galicia.
- g) Certificación de estar ao día das súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- h) Certificado de discapacidade recoñecida pola Xunta de Galicia.
- i) NIF da entidade, se é o caso.
- j) Certificado de empadramento, de ser o caso.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta deberán indicalo no cadro indicado no anexo I e achegar os documentos correspondentes.

3. Salvo que as persoas traballadoras ou o cónxuxe se opoñan a esta consulta, o que deberán indicar no cadro sinalado no anexo VI e achegar os documentos corresponden-



tes, consultarase os seguintes datos das persoas traballadoras ou do cónxuxe da persoa autónoma, no caso da axuda de conciliación:

- a) Consulta DNI ou NIE.
- b) Informe de inscrición no Servizo Público de Emprego.
- c) Informe da vida laboral.
- d) Certificado de discapacidade recoñecida pola Xunta de Galicia, de ser o caso.
- e) Certificado de empadramento, de ser o caso.

4. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

#### Artigo 30. *Xustificación e pagamento*

1. A determinación dos gastos subvencionables realizarase conforme o establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Considéranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen nos prazos establecidos nesta orde.

3. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación. En todo caso, o pagamento dos gastos xustificativos das subvencións deste programa deberán terse realizado antes do 20 de decembro de 2018.

As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento que establece as obrigas de facturación, e deberán estar emitidas, en todo caso, ata o 20 de decembro de 2018.

A xustificación do pagamento dos gastos obxecto das subvencións desta orde deberase acreditar a través de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto bancario de pagamento. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo. Así mesmo, non se admitirán como xustificantes os obtidos a través da internet se non están validados pola entidade bancaria.





4. As persoas e entidades beneficiarias deberán presentar a documentación xustificativa para o pagamento no prazo establecido na resolución de concesión, ou, se é o caso, ata o 20 de decembro de 2018.

5. De non achegarse con anterioridade, o pagamento das axudas ou subvencións quedará condicionado á presentación, no prazo, nos termos e na forma que se establezan na resolución de concesión, da documentación que se exixa de forma expresa nela, entre a cal deberá figurar a seguinte:

A) Documentación xeral para todos os tipos de axuda:

– Declaración complementaria, do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, así como unha declaración das axudas *de minimis* obtidas no exercicio corrente e nos dous anteriores segundo modelo anexo V.

B) Documentación específica:

a) Subvención á xeración de emprego estable:

– Última nómina aboada a cada persoa traballadora por conta allea pola que se concedeu a subvención.

b) Subvención para a formación:

– Facturas da empresa, entidade ou persoa física, e documentos bancarios acreditativos do efectivo pagamento do servizo recibido.

– Certificado da entidade formadora da asistencia do solicitante ao curso/actividade obxecto da axuda.

c) Subvención para o inicio da actividade:

– Listaxe asinada coa relación dos gastos e pagamentos realizados, indicando o importe de cada un, a suma total, a referencia e a descrición das facturas xustificativas do gasto realizado e da axuda concedida, segundo o modelo anexo III desta orde.



– Documentación xustificativa da realización dos gastos imputados á subvención, mediante facturas e documentos bancarios acreditativos do seu efectivo pagamento.

d) Subvención para a conciliación da vida persoal, laboral e familiar das persoas promotoras:

– Listaxe asinada coa relación dos gastos e pagamentos realizados, indicando o importe de cada un, a suma total, a referencia e a descrición das facturas xustificativas do gasto realizado e da axuda concedida, segundo o modelo anexo III desta orde.

– Documentación xustificativa da realización dos gastos imputados á subvención, mediante facturas e documentos bancarios acreditativos do seu efectivo pagamento.

6. Cando concorran varias axudas só será necesario presentar unha vez a documentación coincidente, tanto na fase de solicitude coma na de xustificación do pagamento.

7. A documentación exixida para a fase de pagamento poderá presentarse xunto coa solicitude, a opción da entidade ou persoa interesada.

8. Non se poderá realizar en ningún caso o pagamento da subvención mentres a persoa ou entidade beneficiaria non figure ao día do cumprimento das súas obrigas tributarias –estatais e autonómicas– e da Seguridade Social, sexa debedor en virtude de resolución declarativa firme da procedencia de reintegro ou teña algunha débeda pendente, por calquera concepto, coa Administración da comunidade autónoma.

#### Artigo 31. *Incompatibilidades e concorrencia*

1. En ningún caso o importe das subvencións concedidas ao abeiro desta orde poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, concedidos por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, supere o 70 % do custo da actividade que vaia desenvolver a entidade beneficiaria. Este límite será ampliable ata o 80 % cando a persoa traballadora contratada pertenza a un dos seguintes colectivos: persoas desempregadas de longa duración, persoas desempregadas con discapacidade e persoas desempregadas que se atopen en situación ou risco de exclusión social.

2. Non se poderán imputar os mesmos gastos aos distintos tipos de axuda previstos neste programa.



3. As subvencións reguladas neste programa serán incompatibles coas axudas establecidas nos programas de apoio ás iniciativas de emprego de base tecnolóxica, emprego autónomo e cooperativas convocados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria. Así mesmo, serán incompatibles coas axudas comprendidas no programa EMEGA para o fomento do emprendemento feminino convocadas por Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, así como con outras que polos mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas como medida de fomento do emprego.

4. A subvención pola xeración de emprego estable polos contratos por conta allea será incompatible coas establecidas nos diferentes programas de fomento da contratación por conta allea convocados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria. Os ditos incentivos serán compatibles, de ser o caso, coas bonificacións ás cotizacións á Seguridade Social.

5. As subvencións reguladas neste programa serán compatibles coa axuda prevista para a adaptación dos postos de traballo regulada nas diferentes axudas de integración laboral das persoas con discapacidade, sendo incompatible co resto das axudas reguladas nos diferentes programas de integración laboral das persoas con discapacidade convocados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

### Artigo 32. *Obrigas das persoas ou entidades beneficiarias*

1. Son obrigas das persoas ou entidades beneficiarias das subvencións:

a) Realizar a actividade que fundamente a concesión da subvención durante un tempo mínimo de dous anos, salvo cesamento por causas alleas a súa vontade, o que deberá acreditar de maneira que faga fe.

b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención.

c) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará a Consellería de Economía, Emprego e Industria, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.



d) Comunicar ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polas entidades beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberase efectuar tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Estar ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma, con anterioridade a se ditar a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.

f) Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

h) Adoptar as medidas adecuadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

De acordo con esta obriga, a empresa subvencionada deberá anunciar que está sendo subvencionada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria e o Servizo Público de Emprego Estatal. Para isto, incorporarán un cartel informativo dun tamaño mínimo de A3 nun lugar destacado e visible. O dito cartel estará dispoñible no portal de emprego: <http://emprego.ceei.xunta.gal/>.

i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. As empresas beneficiarias das subvencións previstas neste programa cando no período de dous anos, desde a data da incorporación á empresa, se produza o cesamento dalgunha persoa traballadora pola que se concedeu a subvención, están obrigadas no prazo de dous meses a cubrir a vacante, cun tempo de dedicación igual ou superior ao



anterior, o que deberá serlle comunicado ao órgano que concedeu a axuda, e a nova persoa traballadora debe pertencer a algún dos colectivos de persoas beneficiarias deste programa, polo que se poida conceder unha subvención por importe igual ou superior ao da persoa que causase baixa. Esta nova incorporación non dará lugar, en ningún caso, a unha nova axuda.

Para o suposto da cobertura destas vacantes poderanse admitir as transformacións de contratos temporais en indefinidos de persoas traballadoras vinculadas temporalmente á empresa, sempre que a baixa da persoa traballadora substituída se produza unha vez transcorrido o primeiro ano desde a súa incorporación á empresa.

Transcorridos dous anos desde a data de inicio da súa actividade as empresas beneficiarias, co fin de garantiren o mantemento dos postos de traballo estables creados que fosen obxecto de subvención, presentarán, dentro dos tres meses seguintes, unha relación da variación das altas e baixas do persoal da empresa durante eses dous anos.

3. As empresas beneficiarias das subvencións reguladas neste programa deberán manter a forma xurídica pola que se lles concederon as subvencións durante un tempo mínimo de dous anos desde que se iniciou a actividade.

4. As entidades beneficiarias relacionadas no artigo 20 asumen a obriga de manter a achega ao capital social e, como mínimo, a súa porcentaxe de participación no capital social durante o mesmo período, referido aos promotores ou promotoras que creasen o seu propio posto de traballo na empresa, debendo manter a porcentaxe mínima do 50 % do capital social. A transmisión voluntaria por actos inter vivos de participacións sociais ou accións do capital social soamente se poderá facer a favor de persoas físicas e sen que, neste caso, se supere o máximo de cinco persoas físicas socias da empresa. Esta transmisión deberá ser comunicada por escrito ao órgano concedente da subvención.

Co obxecto de acreditar o cumprimento desta obriga, a empresa beneficiaria das subvencións, transcorridos dous anos desde o inicio da súa actividade, alcanzará ao órgano concedente certificación do Rexistro Mercantil sobre as variacións no capital social desde a data da constitución da sociedade e declaración do órgano de administración da sociedade con relación coa información que conste no libro de persoas socias respecto á titularidade e as alteracións producidas desde a data da constitución.



**Artigo 33. *Perda do dereito ao cobramento da axuda e reintegro***

1. Procederá a perda do dereito ao cobramento das axudas, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de mora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A obriga de reintegro establecida no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

2. Procederá a perda do dereito ao cobramento das subvencións e axudas concedidas no suposto de non estar ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma, con anterioridade a ditarse a proposta de pagamento da subvención.

3. No caso de incumprimento, salvo que se acrediten causas alleas á vontade do beneficiario, respecto da obriga establecida no artigo 32 punto 1, letra a) de manter a actividade empresarial durante polo menos dous anos, e sempre que o cumprimento se aproxime de forma significativa ao cumprimento total, entendendo como tal ter mantido a actividade durante polo menos dezaioito meses, e que o beneficiario acredite unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, procederá o reintegro das subvencións percibidas, de forma proporcional ao tempo que reste para o cumprimento dos dous anos.

4. Entenderase que se produce un incumprimento parcial e, polo tanto, procederá o reintegro parcial de todas as subvencións percibidas en función da persoa traballadora da que se trate cando a empresa beneficiaria incumpra a obriga establecida no artigo 32 punto 2, por cada contratación subvencionada e non substituída no prazo de dous meses. O cálculo da contía para reintegrar farase do seguinte xeito:

Divídese entre setecentos trinta o importe concedido pola persoa traballadora de que se trate, calcúlase o número de días que o posto estivo vacante, computándose, para estes efectos, o prazo que concede a orde para proceder á substitución, e multiplícase o importe obtido no paso primeiro polo número de días en que o posto de traballo estivese vacante.



Tamén procederá o reintegro parcial pola diferenza cando a persoa traballadora substituída sexa dun colectivo diferente ao substituído e lle corresponda unha subvención inicial inferior.

5. O incumprimento da obriga en materia de publicidade do financiamento público, mediante a colocación do cartel, segundo o previsto no artigo 32.1.h) dará lugar a un reintegro do 2 % da subvención concedida.

Non obstante, no suposto de resultar aínda posible o cumprimento desta obriga, o órgano xestor deberá requirir a entidade beneficiaria para que incorpore o cartel, nun prazo non superior a 15 días, con expresa advertencia de que o seu incumprimento implicará o inicio do expediente declarativo da procedencia do reintegro.

#### Artigo 34. *Exclusións*

1. Exclúense dos beneficios do programa establecido nesta orde:

a) As persoas promotoras que, nos tres meses inmediatamente anteriores á data de inicio da nova actividade, estivesen de alta como persoas traballadoras autónomas en calquera réxime da Seguridade Social.

b) As persoas ou empresas que percibisen subvencións ao abeiro do programa de promoción do emprego autónomo, iniciativas locais de emprego, ou iniciativas de emprego de base tecnolóxica, nos tres anos anteriores á data do inicio da nova actividade.

2. Non poderán obter a condición de beneficiario das subvencións establecidas nesta orde as persoas ou entidades en que concorran as circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

b) Solicitar a declaración de concurso, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, acharse declaradas en concurso, agás que neste adquirise a eficacia un convenio, estar suxeitas a intervención xudicial ou ser inhabilitadas conforme a Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.





c) Dar lugar, por causa de que fosen declaradas culpables, á resolución firme de calquera contrato suscrito coa Administración.

d) Estar incurso a persoa física, as persoas administradoras das sociedades mercantís ou aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.

e) Non estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma nos termos regulamentariamente establecidos.

f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g) Non estar ao día do pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.

h) Ser sancionada mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou a Lei xeral tributaria.

3. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria cando estean excluídas do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme o establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

#### CAPÍTULO IV Programa II

##### **Axudas e subvencións ás iniciativas de emprego de base tecnolóxica-IEBT**

###### Artigo 35. *Obxecto e finalidade.*

1. Coa finalidade de impulsar a creación de novas iniciativas empresariais de base tecnolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia, este programa ten por obxecto fixar as bases reguladoras e proceder á convocatoria para o ano 2018 dos incentivos ás empresas previamente cualificadas e inscritas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica.

2. As axudas destínanse a sufragar as accións, gastos e pagamentos establecidos en cada modalidade, que se produzan e realicen entre o 1 de outubro de 2017 e o 30 de se-



tembro de 2018, dentro do período dun ano desde o inicio da actividade da empresa, coas particularidades que se establezan neste programa para cada modalidade.

**Artigo 36. Entidades beneficiarias**

1. Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos previstos nesta orde as empresas privadas, incluídas as persoas autónomas, con domicilio social, fiscal e centro de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia que se constitúan e inicien a súa actividade nun prazo non superior a un ano desde que o proxecto empresarial foi cualificado como IEBT sempre que a maioría da titularidade da empresa corresponda ás persoas físicas promotoras do proxecto empresarial cualificado como IEBT e se cumpran os requisitos e condicións establecidos nesta orde para cada tipo de axuda.

2. Para poder acceder ás distintas liñas de axudas desta orde deberase crear emprego estable para persoas desempregadas.

3. Non poderán obter a condición de beneficiario das subvencións establecidas nesta orde as persoas ou entidades en que concorran as circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

b) Solicitar a declaración de concurso, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, acharse declaradas en concurso, agás que neste adquirise a eficacia un convenio, estar suxeitas a intervención xudicial ou ser inhabilitadas conforme a Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c) Dar lugar, por causa de que fosen declaradas culpables, á resolución firme de calquera contrato suscrito coa Administración.

d) Estar incurso a persoa física, as persoas administradoras das sociedades mercantís ou aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.

e) Non estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma nos termos regulamentariamente establecidos.



f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g) Non estar ao día do pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.

h) Ser sancionada mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou a Lei xeral tributaria.

4. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria cando estean excluídas do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme o establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.

#### Artigo 37. *Tipos de axuda*

As empresas cualificadas como IEBT poderán solicitar as seguintes modalidades de axudas:

- a) Subvención á creación directa de emprego estable.
- b) Subvención para a contratación de persoal técnico de alta cualificación.
- c) Axuda para o inicio e posta en marcha da actividade.

#### Artigo 38. *Subvención á creación directa de emprego estable*

1. Os postos de traballo estables de carácter indefinido, incluídos os dos propios promotores e promotoras, creados nun centro de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia antes de transcorrer un ano desde a data de inicio da actividade e que sexan ocupados por persoas desempregadas, incentivarase cada un deles cunha subvención de 6.000 euros.

2. A contía do incentivo será de 8.000 € por cada posto de traballo estable de carácter indefinido creado, cando a persoa desempregada se atope nalgún dos seguintes colectivos, que non serán acumulables:

- Persoas desempregadas de longa duración.
- Persoas desempregadas con discapacidade.



– Persoas desempregadas que se atopen en situación ou risco de exclusión social.

3. Os postos de traballo estables incentivaranse cunha subvención de 9.000 euros cando se trate de persoas tituladas universitarias desempregadas.

4. Os postos de traballo estables incentivaranse cunha subvención de 10.000 euros se son persoas desempregadas que posúan o título de doutor.

Esta contías incrementaranse nas porcentaxes que se sinalan a continuación, que son acumulables entre si:

a) Un 25 % se a persoa incorporada é unha muller.

b) Un 25 % no caso de que o centro de traballo (ou domicilio fiscal, no caso de carecer deste) estea situado nun concello rural.

c) Un 25 % no suposto de persoas maiores de 45 anos.

d) Un 25 € se a persoa incorporada ten a condición de emigrante retornada.

No suposto de ter dereito a un ou varios incrementos, aplicarase a subvención aos indicados na solicitude, salvo que da documentación achegada coa solicitude quede acreditada a aplicación dalgún incremento superior.

5. É requisito para poder ser beneficiario desta subvención que o cadro de persoal no mes en que se proceda á primeira contratación por conta allea esté constituído, como mínimo, nun 25 por cento por persoas con titulación universitaria.

6. Nos postos de traballo creados e polos cales se solicite subvención, deberá existir correspondencia entre a categoría da titulación académica de tipo profesional que posúa a persoa contratada e a categoría profesional pola que se contrata.

7. Cando a dedicación sexa a tempo parcial, as contías destes incentivos serán proporcionais ao tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, na súa falta, da xornada ordinaria legal.

8. Cando a dedicación inicial se realice a tempo parcial e se transforme a tempo completo, a empresa poderá solicitar a diferenza entre a contía que se percibiu inicialmente e



a que corresponde por dedicación a tempo completo, sempre que a dita modificación se produza dentro do primeiro ano de actividade.

9. Non se concederá esta axuda cando se trate de persoas traballadoras que prestasen servizos na mesma empresa en virtude dun contrato de carácter temporal.

10. Esta subvención será compatible, se é o caso, coas bonificacións á Seguridade Social previstas na normativa estatal, sen que ambos os dous beneficios poidan superar o 70 % do custo salarial de dúas anualidades correspondentes ao contrato obxecto de subvención. Este límite será ampliable ata o 80 % cando a persoa traballadora contratada pertenza a un dos seguintes colectivos: persoas desempregadas de longa duración, persoas desempregadas con discapacidade e persoas desempregadas que se atopen en situación ou risco de exclusión.

11. Serán subvencionables os postos de traballo estables creados entre o 1 de outubro de 2017 e o 30 de setembro de 2018 dentro do primeiro ano de actividade da empresa, sempre que permaneza vixente a contratación no momento da súa solicitude.

#### Artigo 39. *Subvención para a contratación de persoal técnico de alta cualificación*

1. As contratacións temporais de persoal técnico de alta cualificación realizadas para prestar servizos nun centro de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia antes de que transcorra un ano desde a data de inicio da actividade serán subvencionadas na contía resultante de multiplicar o custo bruto salarial medio mensual de un contrato temporal segundo os datos da última EPA publicados (1.461,25 €), polo número de meses de duración do contrato temporal que se subvenciona.

O período subvencionable será, como máximo, dun ano, e para acceder a esta axuda o experto técnico de alta cualificación contratado deberá estar en posesión dun título universitario.

2. Quedan excluídas desta modalidade de axuda as contratacións realizadas cos titulares ou socios e socias da empresa cualificada como iniciativa de base tecnolóxica, así como do cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive da persoa empresaria ou de quen desempeñe cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estas persoas citadas. Non será de aplicación esta exclusión cando a persoa empregadora sexa unha



persoa traballadora autónoma que contrate por conta allea aos fillos e fillas menores de trinta anos, tanto se conviven ou non con ela, ou cando se trate dunha persoa traballadora autónoma sen asalariados, e contrate un só familiar menor de corenta e cinco anos, que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo. Así mesmo, quedan excluídos desta subvención os contratos formativos.

3. Esta subvención terá como límite máximo, por todas as contratacións, a contía de 18.000 euros, e estará condicionada á xustificación pola empresa de que, coas contratacións obxecto de subvención, se suplan carencias ben identificadas para o desenvolvemento da actividade empresarial e o bo fin dela.

4. Serán subvencionables as contratacións realizadas entre o 1 de outubro de 2017 e o 30 de setembro de 2018.

#### Artigo 40. *Axuda para o inicio e posta en marcha da actividade*

1. Esta axuda financiará parcialmente os gastos necesarios para o inicio e a posta en marcha da actividade. O importe máximo desta axuda determinarase en atención ao número de postos de traballo estables creados e subvencionados durante o primeiro ano de actividade ao abeiro desta orde de convocatoria, de acordo coa seguinte escala:

- 1 posto de traballo: ata 10.000 euros.
- 2 postos de traballo: ata 18.000 euros.
- A partir de 3 postos de traballo: ata 24.000 euros.

O importe da axuda non poderá superar o custo total dos gastos subvencionables.

2. Esta axuda destinarase a sufragar os gastos necesarios realizados entre o 1 de outubro de 2017 e o 30 de setembro de 2018 que se produzan antes de que transcorra un ano desde o inicio da súa actividade e sexan efectivamente xustificadas mediante facturas e documentos bancarios acreditativos do seu pagamento con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido na resolución de concesión ou, de ser o caso, ata o 20 de decembro de 2018.

3. Os gastos subvencionables serán o arrendamento do local, de maquinaria e de equipamentos informáticos; os gastos do seguro do local, de publicidade e subministracións, excluído o imposto sobre o valor engadido ou, de ser o caso, os impostos indirectos equi-



valentes cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación. Os gastos poderán ser computados sempre que as facturas estean estendidas a nome da entidade solicitante e non sexan emitidas por algunha das persoas promotoras da empresa. Exclúense, así mesmo, os impostos e os gastos referidos aos domicilios particulares dalgunha das persoas promotoras.

4. Tamén serán subvencionables nesta axuda os cursos que a persoa promotora ou empresaria poida recibir para obter ou mellorar os seus coñecementos sobre a función xerencial.

#### Artigo 41. *Solicitudes e prazos*

1. O prazo xeral para a presentación das solicitudes das axudas establecidas neste programa comezará o día seguinte ao da publicación desta orde e rematará o 30 de setembro de 2018. Se o último día de prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

2. Para garantir que os cidadáns que carecen de medios para relacionarse telematicamente coa Administración, e de acordo co previsto no artigo 13.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poidan presentar no rexistro electrónico a solicitude referente a este procedemento, a persoa solicitante poderá contar, entre outros, coa asistencia efectiva da Rede de técnicos de emprego de Galicia da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

#### Artigo 42. *Documentación*

1. As solicitudes, unha por cada tipo de axuda, deberanse presentar nos modelos normalizados que figuran como anexos numéricos desta orde, unha para cada axuda solicitada, e deberán ir acompañadas da documentación, común e específica, que se relaciona.

2. As solicitudes de axudas deberán ir acompañadas da seguinte documentación común para todas as axudas:

a) Cando se actúe mediante representación, esta atribución expresa acreditarase por calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna, debéndose achegar declaración ante un notario ou secretario municipal, adquirindo esta a categoría de documento público, podendo ser substituída por declaración en comparecencia persoal do representado ante o órgano xestor.





b) No caso de tratarse de persoa xurídica, escritura de constitución e inscrición no Rexistro Mercantil ou, se é o caso, no Rexistro de Cooperativas.

c) Memoria económica descritiva do proxecto empresarial asinado polo representante da empresa (anexo VI-A).

d) Alta no censo de obrigados tributarios do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

### 3. Documentación específica:

#### a) Subvención á creación directa de emprego estable:

– Declaración do número de empregos estables creados polos que se solicita subvención, indicando se son ocupados ou non por persoas con titulación universitaria e expresando a data de incorporación efectiva á empresa (anexo II-A).

– Declaración da empresa en que se faga constar os custos salariais totais anuais de cada persoa traballadora pola que se solicita subvención (anexo II-A).

– Documentación acreditativa do colectivo polo cal se opta (para os casos de exclusión social ou discapacidade recoñecida fóra de Galicia).

– Documentos xustificativos do nacemento en Galicia da persoa solicitante e ademais no caso de alegar algunha relación de parentesco coa persoa nacida en Galicia, documentación que acredite o vínculo con esta, no caso de solicitar o incremento de emigrante retornado.

– Certificado de emigrante retornado, expedido polas delegacións ou subdelegacións do Goberno, baixa consular ou calquera outra documentación que acredite fidedignamente a residencia no exterior e a data de retorno a España, no caso de solicitar o incremento de emigrante retornado.

#### b) Subvención para a contratación de persoal técnico de alta cualificación:

– Memoria descritiva da necesidade da contratación dos técnicos de alta cualificación, número, perfís profesionais e funcións que van realizar en relación coas categorías profesionais polas que son contratadas.



– Declaración da empresa en que se fagan constar os custos salariais totais anuais de cada persoa traballadora pola que se solicita subvención (anexo II-A).

c) Axuda para o inicio e posta en marcha da actividade:

– Memoria descritiva da actividade e relación detallada dos gastos necesarios para o inicio e posta en marcha da actividade, con indicación daqueles a que se vai destinar a subvención.

– Listaxe asinada coa relación dos gastos e pagamentos realizados, indicando o importe de cada un, a suma total, a referencia e a descrición das facturas xustificativas do gasto realizado e da axuda solicitada (anexo IV-A).

– Facturas e, no caso de estar efectivamente pagadas, o seu correspondente xustificante bancario de pagamento ou, na súa falta, facturas pro forma ou orzamentos expedidos polos provedores e acredores dos gastos necesarios para o inicio da actividade que se vaian a ter en conta para o cálculo da contía da subvención.

– Declaración do número de postos de traballo estables creados e relación nominal das persoas que os ocupen, con indicación daqueles que hai que ter en conta para o cálculo da subvención (anexo II-A).

3. Non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente sempre que a persoa interesada expresase o seu consentimento para que sexan consultados ou obtidos eses documentos. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa solicitante ou representante a súa presentación, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

4. A documentación complementaria presentarase por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá requirir de maneira motivada a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica.



Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

5. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

#### Artigo 43. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas. No suposto de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro indicado no anexo I e achegar os documentos correspondentes:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante ou representante.
- b) NIF da empresa.
- c) Alta no IAE.
- d) Certificación de estar ao día das súas obrigas coa Seguridade Social.
- e) Certificación de estar ao día das súas obrigas coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
- f) Certificación de estar ao día das súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.

2. Salvo que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, o que deberán indicar no cadro sinalado no anexo VII-A e achegar os documentos correspondentes, consultarase os seguintes datos das persoas traballadoras contratadas:

- a) DNI ou NIE.
- b) Título universitario.
- c) Informe de inscrición no Servizo Público de Emprego.
- d) Informe da vida laboral.



e) Certificado de discapacidade recoñecida pola Xunta de Galicia.

f) Contrato de traballo subvencionado.

g) Certificado de empadramento das persoas por quen se solicita subvención, de ser o caso.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

#### Artigo 44. *Xustificación e pagamento*

1. A determinación dos gastos subvencionables realizarase conforme o establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En todo caso, nas axudas desta orde respectaranse as condicións da normativa estatal en materia de subvencionalidade dos gastos cofinanciados polo FSE, en particular a Orde ESS/1924/2016, do 13 de decembro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo Fondo Social Europeo durante o período de programación 2014-2020.

3. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación e deberán de ser realizados en todo caso dentro do período que abrangue desde o 1.10.2017 ata o 30.9.2018. O pagamento dos gastos xustificativos deste programa deberase ter realizado antes de transcorrido un ano desde o inicio da actividade da empresa e, en todo caso, antes do 20 de decembro de 2018. Só se admitirá como documentación xustificativa do pagamento a transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto bancario de pagamento. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.

As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

4. As persoas beneficiarias deberán presentar a documentación xustificativa para o pagamento no prazo sinalado na resolución de concesión ou, de ser o caso, ata o 20 de decembro de 2018.



5. De non achegarse con anterioridade, o pagamento das axudas quedará condicionado á presentación, no prazo, nos termos e na forma que se sinale na resolución de concesión, da documentación común e específica que se exixa de forma expresa nela, entre a cal deberá figurar a seguinte:

A) Documentación xeral para todos os tipos de axuda:

– Documentación xustificativa para acreditar o cumprimento da actividade para a cal se concedeu a subvención segundo o tipo de axuda.

– Declaración complementaria da establecida no anexo I-A desta orde, do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou doutros entes públicos ou, de ser o caso, de que non solicitou nin percibiu outras axudas e subvencións, así como unha declaración das axudas *de minimis* obtidas no exercicio corrente e nos dous anteriores (anexo III-A).

– Información dos indicadores de produtividade sobre as entidades e os participantes aos que se refire o anexo I do Regulamento (UE) núm. 1304/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de setembro, relativo ao Fondo Social Europeo, a través da aplicación Participa 1420 ou segundo o modelo que estará dispoñible na páxina web da Consellería de Economía, Emprego e Industria: <http://emprego.ceei.xunta.gal>.

– Documentación acreditativa (fotografías ou documentos equivalentes), do cumprimento das obrigas a que se refire o artigo 48.2.a) desta orde.

B) Documentación específica:

a) Subvención á creación directa de emprego estable:

– Última nómina aboada a cada persoa traballadora pola que se concedeu a subvención, agás os postos de traballo pertencentes ao Réxime especial de traballadores autónomos.

– Cumprimento por parte da empresa da obriga de informar as persoas traballadoras acerca do financiamento comunitario da subvención dos seus contratos (anexo V-A).

– Extracto do balance provisional contable da entidade beneficiaria, asinado e selado, que permita verificar a contabilidade separada da subvención correspondente ou declaración de contabilidade separada. Os documentos que se acheguen deben incluír as contas ou as



subcontas en que se contabilizou, as datas e os números dos asentos contables, e indicación específica do seu financiamento polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020.

b) Subvención para a contratación de persoal técnico de alta cualificación:

As actuacións correspondentes a esta modalidade xustificaranse a través da modalidade de custos simplificados previstas nos artigos 67.1.b) e 67.5.a.i) do regulamento (UE) 1303/2013, segundo a fórmula establecida no artigo 39 desta orde.

A comprobación dos datos relacionados coa efectiva realización e finalización destas contratacións no Servizo Público de Emprego realizaraa directamente o órgano xestor das axudas.

– Cumprimento por parte da empresa da obriga de informar os traballadores acerca do financiamento comunitario da subvención dos seus contratos (anexo V-A).

– Extracto do balance provisional contable da entidade beneficiaria, asinado e selado, que permita verificar a contabilidade separada da subvención correspondente ou declaración de contabilidade separada. Os documentos que se acheguen deben incluír as contas ou as subcontas en que se contabilizou, as datas e os números dos asentos contables e indicación específica do seu financiamento polo Fondo Social Europeo.

c) Axuda para o inicio e posta en marcha do proxecto empresarial:

– Listaxe asinada coa relación dos investimentos e pagamentos realizados, indicando o importe de cada un, a suma total, a referencia e a descrición das facturas e demais documentos xustificativos do investimento realizado e da axuda concedida, segundo o modelo do anexo IV-A desta orde.

– Facturas xustificativas da realización do investimento e documento bancario acreditativo do seu pagamento.

– Extracto do balance provisional contable da entidade beneficiaria, asinado e selado, que permita verificar a contabilidade separada dos gastos subvencionados e a subvención concedida ou declaración de contabilidade separada. Os documentos que se acheguen deben incluír as contas ou as subcontas en que se contabilizaron, as datas e os números dos asentos contables, e indicación específica do seu financiamento polo Fondo Social Europeo.



6. Cando concorran varias modalidades de axudas, só será necesario presentar unha vez a documentación coincidente tanto na fase de solicitude coma na de xustificación do pagamento.

7. Non poderá realizarse o pagamento da subvención mentres a persoa ou entidade beneficiaria non se ache ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias, estatais e autonómicas, e fronte á Seguridade Social ou teña algunha débeda por calquera concepto pendente de pagamento coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedor en virtude de resolución declarativa de procedencia de reintegro.

#### Artigo 45. *Incompatibilidades e concorrencia*

1. As subvencións reguladas neste programa serán incompatibles coas axudas establecidas no Programa de promoción do emprego autónomo, no Programa de fomento e consolidación do emprego nas pequenas empresas de nova creación, así como no Programa de fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais, agás que se trate da axuda para o acceso á condición de socio ou socia traballador ou traballadora dunha cooperativa de traballo asociado, convocados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

2. As subvencións reguladas neste procedemento serán incompatibles con outras que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas como medida de fomento de emprego. Non obstante, a axuda á creación directa de emprego estable e a subvención para a contratación de persoal técnico de alta cualificación serán compatibles, se é o caso, coas bonificacións ou reducións de cotizacións á Seguridade Social.

3. En ningún caso o importe das subvencións ou axudas concedidas ao abeiro deste programa poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, concedidos por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, supere o 70 % do custo da actividade que vaia desenvolver a entidade beneficiaria. Este límite será ampliable ata o 80 % cando a persoa traballadora contratada pertenza a un dos seguintes colectivos: persoas desempregadas de longa duración, persoas desempregadas con incapacidade e persoas desempregadas que se atopen en situación ou risco de exclusión.

4. Non se poderán imputar os mesmos gastos para as distintas modalidades da axuda previstas nesta orde, agás naqueles casos en que só se toman como referencia para o cálculo da contía do incentivo.





**Artigo 46. Exclusiones**

Exclúense dos beneficios do programa establecido nesta orde:

a) Os empregos de carácter estable realizados con persoas desempregadas que, nos 24 meses anteriores á data de alta na Seguridade Social, prestasen servizos mediante un contrato indefinido en empresas ou grupos de empresas en que os promotores da empresa solicitante desempeñen o control.

b) As persoas promotoras que, nos tres meses inmediatamente anteriores á data de inicio da nova actividade, estivesen de alta na Seguridade Social como traballadoras autónomas ou traballadores autónomos en actividade vinculada ao mesmo sector. Para estes efectos, entenderase por mesma actividade a coincidencia a nivel de tres díxitos da clasificación nacional de actividades económicas (CNAE).

c) As empresas que desenvolvan actividades empresariais que non coincidan coas do proxecto previamente cualificado como iniciativa de emprego de base tecnolóxica.

**Artigo 47. Obrigas das persoas ou entidades beneficiarias**

1. Son obrigas das persoas ou entidades beneficiarias das axudas e subvencións:

a) Realizar a actividade que fundamente a concesión da axuda ou subvención durante un tempo mínimo de dous anos, salvo cesamento por causas alleas a súa vontade, o que deberán acreditar de maneira que faga fe.

b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención.

c) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará a Consellería de Economía, Emprego e Industria, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación ou control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. En especial, por tratarse de axudas cofinanciadas polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, a entidade beneficiaria quedará sometida ás verificacións que poidan realizar os organismos implicados na xestión e seguimento do devandito programa operativo, incluídas as visitas sobre o terreo.



d) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polas persoas ou entidades beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.

f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das actuacións de comprobación e control. Os gastos subvencionados deberán poder identificarse na súa documentación contable de forma separada.

Agás aquelas entidades beneficiarias que pola normativa vixente estean exentas da obriga de levar a cabo unha contabilidade, as entidades beneficiarias teñen a obriga de acreditar que levan unha contabilidade separada ou un código contable axeitado para os gastos obxecto de subvención.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control. En especial, e dado que as subvencións concedidas ao abeiro desta orde están cofinanciadas polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, as persoas ou entidades beneficiarias deberán manter unha pista de auditoria suficiente e conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, durante os tres anos seguintes á certificación dos gastos á Comisión Europea, de conformidade co artigo 140.1 do Regulamento (UE) 1303/2013, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control. A data de certificación dos gastos á Comisión Europea será oportunamente comunicada pola Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos.

h) Cumprir coas medidas de información e comunicación establecidas no anexo XII do Regulamento (UE) nº 1303/2013.



Así mesmo, serán informadas ás persoas destinatarias que as actuacións en que participan están financiadas pola Xunta de Galicia (Consellería de Economía, Emprego e Industria), e polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, así como do obxectivo en que se enmarcan, figurando os emblemas, como mínimo, nesta comunicación.

A aceptación da axuda comunitaria implicará a súa aparición na lista pública de operacións conforme o establecido no artigo 14.5 desta orde.

i) No prazo máximo de catro semanas desde o cumprimento dos prazos de mantemento do posto de traballo a que se refire a alinea a) deste artigo, as persoas beneficiarias deberán presentar os indicadores de resultado inmediatos a que se refire o anexo I do Regulamento (UE) nº 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de setembro, relativo ao Fondo Social Europeo, a través da aplicación Participa 1420 ou segundo o modelo que estará á súa disposición na páxina web da Consellería de Economía, Emprego e Industria. A Administración poderá requirir a actualización destes datos no prazo de 6 meses desde que finalicen os citados períodos de mantemento da actividade laboral, coa finalidade de formalizar os indicadores de resultado a longo prazo descritos no antedito regulamento.

j) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. As empresas beneficiarias das subvencións previstas nos artigos 38 e 40 cando no período de dous anos, desde a data da incorporación á empresa, se produza o cesamento dalgunha persoa traballadora pola que se concedeu a subvención, están obrigadas no prazo de dous meses, a cubrir a vacante, cun tempo de dedicación igual ou superior ao anterior, o que deberá serlle comunicado ao órgano que concedeu a axuda, debendo a nova persoa traballadora pertencer a algún dos colectivos de persoas beneficiarias deste programa polos que se poida conceder unha subvención por importe igual ou superior ao da persoa que causase baixa e cumprir as demais condicións impostas no artigo 38 desta orde para poder ser contratada.

O órgano concedente resolverá e notificará o interesado sobre a validez desta substitución nun prazo non superior a 3 meses desde a recepción da comunicación. A falta de validez da substitución considerarase incumprimento desde a data da súa realización nos termos establecidos no artigo 49.3.1.

Esta nova incorporación non dará lugar, en ningún caso, a unha nova axuda.



Transcorridos dous anos desde a data de inicio da súa actividade as empresas beneficiarias, co fin de garantiren o mantemento dos postos de traballo estables creados que fosen obxecto de subvención, presentarán dentro dos tres meses seguintes a vida laboral da empresa desde o inicio da actividade, incluíndo todas as contas de cotización (informe de vida laboral dun código conta de cotización) e as nóminas das persoas traballadoras subvencionadas correspondentes ás 24 mensualidades.

3. As empresas beneficiarias deberán manter no seu cadro de persoal a persoa técnica de alta cualificación contratada, como mínimo, polo tempo subvencionado, e se se produce o cesamento do traballador ou traballadora, a empresa beneficiaria está obrigada no prazo de dous meses a cubrir a vacante, e a nova persoa deberá ser contratada cun tempo de dedicación igual ou superior ao anterior e cumprir as demais condicións impostas no artigo 38 desta orde. Esta nova incorporación non dará lugar, en ningún caso, a unha nova axuda. Neste suposto de substitución a obriga de mantemento estenderase ao período subvencionado e mais ao período vacante.

O órgano concedente resolverá e notificará ao interesado sobre a validez desta substitución nun prazo non superior a 3 meses desde a recepción da comunicación. A falta de validez da substitución considerarase incumprimento dende a data da súa realización nos termos establecidos no artigo 49.3.3.

Ademais, deberán presentar no prazo de dous meses desde a finalización do período subvencionado unha memoria das actividades realizadas polas persoas técnicas de alta cualificación asinada pola persoa contratada e pola persoa responsable da empresa.

#### Artigo 48. *Cofinanciamento polo Fondo Social Europeo*

1. Esta convocatoria de axudas enmárcase dentro do programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e está cofinanciado polo Fondo Social Europeo.

2. Coa finalidade de efectuar un seguimento adecuado da execución dos proxectos cofinanciados polo FSE, ao abeiro do programa operativo de FSE Galicia 2014-2020, mediante as subvencións reguladas neste programa, a entidade beneficiaria deberá someterse, segundo a normativa europea que resulte de aplicación, ao cumprimento das seguintes obrigas:

a) Relacionadas coas medidas de información e publicidade:

Cumprir coas medidas de información e comunicación establecidas no anexo XII do Regulamento (UE) nº 1303/2013. En particular, as accións de información e comunicación



contarán co emblema da Unión Europea e a referencia ao Fondo Social Europeo e nos lugares de realización da actuación informarase do apoio dos fondos a través dun cartel dun tamaño mínimo A3 nun lugar destacado e visible. Tamén se informará na páxina web, no caso de dispoñer dela, sobre o proxecto e a axuda financeira recibida da Unión Europea e sobre os obxectivos e resultados da operación financiada.

O incumprimento pola entidade beneficiaria das obrigas de información e publicidade establecidas terá como consecuencia o reintegro parcial do 2 % da contía da subvención percibida.

Así mesmo, serán informadas as persoas destinatarias que as actuacións en que participan están financiadas pola Xunta de Galicia (Consellería de Economía, Emprego e Industria) e polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, así como do obxectivo en que se enmarca, figurando os emblemas, como mínimo, nesta comunicación.

b) Realizar as actuacións precisas para recoller a información suficiente relativa ao desenvolvemento das actuacións, que permita dar cumprimento aos requisitos de información a través de indicadores de produtividade e resultados enumerados no artigo 5 do Regulamento (UE) nº 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, relativo ao Fondo Social Europeo, a través da aplicación Participa 1420 ou segundo o modelo que estará dispoñible na páxina web da Consellería de Economía, Emprego e Industria. Os indicadores de produtividade relativos á entidade beneficiaria refírense á data inmediatamente anterior ao inicio da actividade subvencionada, mentres que os indicadores de resultado inmediato deberán referirse ao período comprendido entre o día posterior á súa finalización e as catro semanas seguintes. Así mesmo, a Administración poderá requirir novos datos no prazo de seis meses desde que finalice esta actividade, coa finalidade de formalizar os indicadores de resultado a longo prazo descritos no antedito regulamento.

#### Artigo 49. *Perda do dereito ao cobramento da subvención e reintegro*

1. Procederá a perda do dereito ao cobramento da subvención e axudas, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de mora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos programas desta orde.



2. A obriga de reintegro establecida no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

3. Procederá o reintegro das axudas cando se produza algunha das seguintes circunstancias:

3.1. Cando a empresa beneficiaria incumpra a obriga establecida no artigo 47.2 por cada contratación subvencionada e non substituída, procederá o reintegro da axuda concedida pola persoa traballadora de que se trate.

Cando a substitución se realice transcorrido o prazo establecido no artigo 47.2 entenderase que se produce un incumprimento parcial. Neste caso, a contía para reintegrar calcularase do seguinte xeito:

a) Divídese entre vinte e catro o importe concedido pola persoa traballadora substituída.

b) Calcúlase o número de meses que o posto estivo vacante, computándose, para estes efectos, o prazo que concede a orde para proceder á substitución. Así mesmo, o mes no que se leve a cabo a substitución considerarase como mes de incumprimento, sexa cal sexa o día do dito mes en que aquela se realice.

Multiplícase o importe obtido na letra a) polo número de meses en que o posto de traballo estivera vacante, conforme a letra b).

3.2. Cando á nova persoa traballadora substituta se lle poida conceder unha subvención por un importe inferior ao da persoa substituída, procederá o reintegro parcial da axuda concedida pola diferenza entre a cantidade percibida e a cantidade que correspondería á nova contratación.

3.3. Cando a empresa beneficiaria incumpra a obriga establecida no artigo 47.3 por cada contratación subvencionada e non substituída, procederá o reintegro da axuda concedida pola persoa traballadora de que se trate.

Cando a substitución se realice transcorrido o prazo establecido no artigo 47.3 entenderase que se produce un incumprimento parcial. Neste caso, a contía para reintegrar calcularase do seguinte xeito:

a) Divídese entre o número de meses de duración do contrato temporal que se subvenciona o importe concedido pola persoa traballadora substituída.



b) Calcúlase o número de meses que o posto estivo vacante, computándose, para estes efectos o prazo que concede a orde para proceder á substitución. Así mesmo, o mes no que se leve a cabo a substitución considerarase como mes de incumprimento, sexa cal sexa o día de dito mes en que aquela se realice.

Multiplícase o importe obtido na letra a) polo número de meses nos que o posto de traballo estivera vacante, conforme a letra b).

4. Cando a empresa beneficiaria incumpra a obriga establecida no artigo 47.1.d) procederá o reintegro da axuda concedida pola persoa traballadora de que se trate.

Para o caso de subvencións incompatibles con outras axudas:

Reintegro 10 %: incumprimento da obriga de comunicar ao órgano concedente a solicitude doutras axudas.

Reintegro 100 % importe subvención percibida máis xuros de demora, sen prexuízo das sancións que puidesen corresponder: incumprimento da obriga de comunicar ao órgano concedente a obtención doutras axudas.

Para o caso de subvencións compatibles:

Reintegro 5 %: incumprimento da obriga de comunicar ao órgano concedente a solicitude doutras axudas.

Reintegro exceso percibido máis xuros de demora, sen prexuízo das sancións que puidesen corresponder: incumprimento da obriga de comunicar ao órgano concedente a obtención doutras axudas.

5. Salvo que se acrediten causas alleas á vontade do beneficiario, no caso de incumprimento respecto da obriga de manter a actividade empresarial durante dous anos, e sempre que o cumprimento se aproxime de forma significativa ao cumprimento total, entendendo como tal o ter mantido a actividade como mínimo dezoito meses e se acredite pola persoa ou entidade beneficiaria unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, procederá o reintegro parcial das subvencións percibidas de forma proporcional ao tempo que reste para o cumprimento dos dous anos.





6. O incumprimento pola entidade beneficiaria das obrigas de información e publicidade establecidas no anexo XII do Regulamento (UE) nº 1303/2013 terá como consecuencia o reintegro parcial do 2 % da contía da subvención percibida.

#### Disposición adicional primeira

De acordo co disposto no artigo 3.1 da Orde do 11 de febreiro de 1998, a tramitación anticipada poderá chegar, como máximo, ata o momento anterior ao da disposición ou compromiso de gasto. Así mesmo, segundo o establecido no artigo 5 da dita orde, todos os actos de trámite ditados en desenvolvemento desta orde enténdense condicionados a que, unha vez aprobada a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento da súa produción.

#### Disposición adicional segunda

Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Economía, Emprego e Industria na persoa titular da Secretaría Xeral de Emprego para resolver a concesión ou denegación das axudas e subvencións previstas nesta orde, así como para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, e para resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polas persoas beneficiarias, respecto das resolucións concesorias de que derivan, ditadas por delegación do conselleiro.

#### Disposición derradeira primeira

Facúltase a persoa titular da Secretaría Xeral de Emprego para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

#### Disposición derradeira segunda

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2017

Francisco José Conde López  
Conselleiro de Economía, Emprego e Industria




**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
 EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I

PROCEDIMENTO <b>PROGRAMA I: FOMENTO E CONSOLIDACIÓN DO EMPREGO NAS PEQUENAS EMPRESAS DE NOVA CREACIÓN</b>	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO <b>TR807I</b>	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	-------------------------


<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>	
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA			NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA				LUGAR			
<input type="text"/>				<input type="text"/>			
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
TELÉFONO	FAX	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
FORMA XURÍDICA	Nº REGISTRO COMO ILE	Nº INSCRICIÓN NA S.S.	CNAE				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
ACTIVIDADE ECONÓMICA (DESCRICIÓN)				DATA DE CONSTITUCIÓN		DATA DA INICIO DA ACTIVIDADE	
<input type="text"/>				<input type="text"/>		<input type="text"/>	
NÚMERO DE EMPREGOS INICIAIS							
A tempo completo		<input type="text"/>	A tempo parcial		<input type="text"/>		

<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b>			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
EN CALIDADE DE			
<input type="text"/>			

<b>DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b>	
Notifíquese a: <input type="radio"/> Persoa solicitante <input type="radio"/> Persoa representante	
Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, <a href="https://notifica.xunta.gal">https://notifica.xunta.gal</a> . Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada. Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>DATOS BANCARIOS</b>	
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
<input type="text"/>	IBAN <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>

<b>TIPO DE PROMOCIÓN</b> (debe cubrir e presentar unha solicitude para cada tipo de axuda que solicite)
<input type="radio"/> Subvención á xeración de emprego estable <input type="radio"/> Subvención para o inicio da actividade <input type="radio"/> Subvención para a formación <input type="radio"/> Subvención para a conciliación da vida persoal, laboral e familiar


**SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: hpte5yg8-ybx4-ei94-ekb6-ayuvaoebmuk9


**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


**ANEXO I**  
 (continuación)

<b>CENTRO DE TRABALLO</b>							
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA			NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA				LUGAR			
<input type="text"/>				<input type="text"/>			
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					

**A PERSONA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA**

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.  
 Solicitou e/ou concedeu outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

 2. Que en relación coas axudas *de minimis*:

- Non se solicitou nin se concedeu ningunha axuda *de minimis*.  
 Solicitou e/ou concedeu axudas *de minimis*, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime de *minimis* doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.  
 4. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e non se incorre en ningunha das incompatibilidades sinaladas no artigo 21 da orde da convocatoria.  
 5. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.  
 6. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.  
 7. Que non foi excluído/a do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme o establecido no artigo 46.2 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA**
**1. Documentación xeral**

- Alta no Censo de obrigados tributarios na Axencia Estatal de Administración Tributaria (modelo 036 ou 037).  
 Memoria económica e descritiva do proxecto empresarial asinada pola persoa solicitante (segundo o modelo do anexo II).  
 Listaxe asinada, unha para cada axuda solicitada (agás para a subvención á xeración de emprego estable), coa relación de investimentos e gastos (segundo o modelo do anexo II).  
 Documentación acreditativa da pertenza ao colectivo polo cal se opta (para os casos de exclusión social ou discapacidade recoñecida fóra de Galicia).  
 Poder suficiente para actuar en nome da entidade, de ser o caso.  
 Escritura de constitución da entidade e inscrición no Rexistro Mercantil, de ser o caso.




**ANEXO I**  
 (continuación)

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA (continuación)**
**2. Documentación específica**
**a) Subvención para a xeración de emprego estable**

Declaración do número de empregos estables de carácter indefinido ocupados por colectivos beneficiarios e relación nominal deles, con indicación da data de incorporación efectiva, onde se fagan constar os custos salariais totais anuais de cada traballador ou traballadora por conta allea pola que se solicita a subvención (segundo o modelo anexo IV).

Documentos acreditativos da incorporación efectiva con carácter indefinido e altas no correspondente réxime da Seguridade Social.

De ser o caso, documentos xustificativos do nacemento en Galicia da persoa solicitante e ademais, no caso de alegar algunha relación de parentesco coa persoa nacida en Galicia, documentación que acredite o vínculo con esta, no caso de solicitar o incremento de emigrante retornado.

De ser o caso, certificado de emigrante retornado, expedido polas delegacións ou subdelegacións do Goberno, baixa consular ou calquera outra documentación que acredite fidedignamente a residencia no exterior e a data de retorno a España, no caso de solicitar o incremento de emigrante retornado.

**b) Subvención para a formación**

Memoria descritiva do curso/actividade de formación solicitada en que consten, entre outros, a xustificación da súa necesidade para o desenvolvemento da súa formación xerencial ou a relación directa coa actividade económica en que estea de alta a empresa.

Certificación da entidade formadora en que consten, entre outros, os seguintes aspectos: nome do curso/actividade, lugar e datas de realización, módulos e distribución de horas, prazo de inscrición e número de prazos.

Solicitude de inscrición ou matrícula no curso/actividade.

No caso de estar realizando o curso, facturas e o seu correspondente xustificante bancario do seu pagamento, de non ser así, facturas pro forma.

**c) Subvención para o inicio de actividade**

Facturas, e no caso de estar efectivamente pagadas, o correspondente xustificante bancario do seu pagamento ou, na súa falta, facturas pro forma ou orzamentos dos provedores e acredores dos gastos obxecto da subvención.

Declaración do número de postos de traballos estables que se crearán ata o 31 de xullo de 2018 e relación nominal das persoas que os vaian ocupar, con indicación daquelas polas cales se solicita a subvención (segundo o modelo do anexo IV).

De ser o caso, documentos xustificativos do nacemento en Galicia da persoa solicitante e ademais, no caso de alegar algunha relación de parentesco coa persoa nacida en Galicia, documentación que acredite o vínculo con esta, no caso de solicitar o incremento de emigrante retornado.

De ser o caso, certificado de emigrante retornado, expedido polas delegacións ou subdelegacións do Goberno, baixa consular ou calquera outra documentación que acredite fidedignamente a residencia no exterior e a data de retorno a España, no caso de solicitar o incremento de emigrante retornado.

**d) Subvención para a conciliación da vida persoal, laboral e familiar das persoas promotoras**

Libro de familia, co nome das persoas titulares da familia e dos fillos/as menores de tres anos. De ser o caso, documentos acreditativos do carácter monoparental da familia.

Anexo VI.

Documento acreditativo do custo da mensualidade da gardaría.

Facturas, e no caso de estar efectivamente pagadas, o correspondente xustificante bancario do seu pagamento das mensualidades xa aboadas na data da solicitude.

**COMPROBACIÓN DE DATOS**

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

	OPÓÑOME Á CONSULTA
<input checked="" type="checkbox"/> DNI ou NIE da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> DNI ou NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> NIF da entidade solicitante	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Vida laboral no réxime especial de traballadores autónomos	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Informe de períodos de inscrición no Servizo Público de Emprego	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Alta no imposto de actividades económicas	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Certificación de estar ao corrente das súas obrigas coa Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Certificación de estar ao corrente das súas obrigas coa Administración Tributaria de Galicia	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Certificación de estar ao corrente das súas obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria	<input type="checkbox"/>

**MARQUE O CADRO CORRESPONDENTE PARA SINALAR AS CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN**

<input type="checkbox"/> Certificado de empadramento da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Certificado de discapacidade recoñecida pola Xunta de Galicia, de ser o caso	<input type="checkbox"/>





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA

**ANEXO I**  
(continuación)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia, cuxa finalidade é a xestión e rexistro deste procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a [lop.d.industria@xunta.gal](mailto:lop.d.industria@xunta.gal).

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Orde do 20 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para o fomento e consolidación do emprego a través do Programa I, para as pequenas empresas de nova creación, e do Programa II, de incentivos ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018.

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

,  de  de




**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
 EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I-A

